

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego

R.P. n.º 34772/2017 pola que se aproba a concesión provisional do programa: F0028B de subvencións de agricultura dirixido ás entidades asociativas agrarias e labrega da provincia da Coruña para investimentos durante o ano 2017

ANUNCIO

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO

Resolución número 2017/34772 de concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa F0028B/2017: Convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades asociativas agrarias e labregas da provincia da Coruña para investimentos durante o ano 2017

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA F0028B:Convocatoria do programa de subvencións de agricultura dirixido ás entidades asociativas agrarias e labregas da provincia da Coruña para investimentos durante o ano 2017

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Primeiro.–Por acordo da Xunta de Goberno do 28 de decembro de 2016 aprobáronse as Bases Reguladoras Xerais das convocatorias de subvencións dirixidas a Entidades, da Deputación Provincial da Coruña, ano 2017 publicadas no BOP número 247 do 30 de decembro de 2016. Así mesmo, por acordo da Xunta de Goberno do 3 de marzo de 2017 aprobáronse as Bases reguladoras do Programa F0028B:Convocatoria do programa de subvencións de agricultura dirixido ás entidades asociativas agrarias e labregas da provincia da Coruña para investimentos durante o ano 2017

A dita convocatoria foi publicada no BOP n.º 47, do 10 de marzo de 2017, e o prazo de presentación de solicitudes finalizou o día 21 de abril de 2017 ás 14.00 horas.

Segundo.–De acordo coa base 8 das Bases reguladoras Xerais, por resolución n.º 18494, do 9 de xuño de 2017 designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa reunión o día 10 de outubro de 2017.

Terceiro.–A totalidade das solicitudes referidas nesta resolución foron presentadas dentro do prazo establecido na convocatoria e, agás as non admitidas, cumpren cos requisitos establecidos nela. Modificáronse os orzamentos naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Cuarto.–Na partida orzamentaria 0510/4141/781 do Orzamento Xeral desta Deputación para o exercicio corrente, existe consignación orzamentaria para facer fronte á concesión das subvencións propostas.

Quinto.–Constan no expediente os informes da Unidade Xestora do Programa e do Servizo de Fiscalización.

Vistos os antecedentes sinalados, así como as disposicións legais de aplicación,

RESOLVO:

- 1.–Non admitir as solicitudes que figuran no Anexo 1, polos motivos que se indican.
- 2.–Conceder provisionalmente as subvencións aos concellos/entidades que se relaciona no Anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0510/4141/781, sendo o importe total proposto de 91.049,36 €.
- 3.–Conceder provisionalmente as subvencións aos concellos/entidades que se relacionan no Anexo 3, condicionadas polos motivos que se indican, que deberán ser emendados polos solicitantes no prazo de dez días hábiles que se sinala máis adiante.
- 4.–Autorizar a todas as entidades que o solicitaron para que poidan contratar máis do 50% da actividade subvencionada e/ou concertar a execución total ou parcial do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade.
- 5.–Publicar a presente resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A título informativo, publicar esta resolución no taboleiro de edictos e na páxina web da Deputación.

6.–Abrir un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes poidan comunicar, se é o caso, o desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación ou de cambio de obxecto da subvención, presentar alegacións ou presentar emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se desista expresamente, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

7.–A presente resolución provisional non xera dereito ningún a favor dos beneficiarios propostos. Só a publicación da resolución definitiva xerará estes dereitos.

ANEXO 1.–Non admitidas

Solicitudes	Orzamento	Solicitado	Motivo
Beneficiario: COMISIONS LABREGAS-SINDICATO LABREGO GALEGO NIF: G27023951 Cod. Exp.:2017000009208 Obxecto: PROGRAMA DE INVESTIMENTOS	14.760,00 €	11.808,00 €	POR NON ENCAIXAR NA CONVOCATORIA
Beneficiario: COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN A MATANZA E OUTROS NIF: V15477185 Cod. Exp.:2017000008861 Obxecto: Mellora de faixas auxiliares de pistas coa plantación de frondosas caducifolias	8.000,00 €	6.400,00 €	RENUNCIA SOLICITANTE OPTAN POR PROGRAMA F0028A

Total solicitado: 18.208,00 €.

ANEXO 2.–Concedidas provisionalmente

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION PROVINCIAL DE CRIADORES DE FRISON LA CORUÑA NIF: G15361413 Cod. Exp.:2017000008812 Obxecto: COMPRA DE 6 TANQUES PARA O TRANSPORTE DE SEME CONXELADO E 2 ORDENADORES PARA A OFICINA	2.438,33 €	0,8000	3.047,91 €
Beneficiario: CENTRAL DE FRADES SOCIEDADE COOP.GALEGA NIF: F15018534 Cod. Exp.:2017000009510 Obxecto: ADAPTACIÓN A LA VENTA DE FITOSANITARIOS, INSTALACIÓN TANQUES DE GASÓLEO E INSTALACIÓN INFORMÁTICA DEL ALMACÉN DE LA COOPERATIVA CENTRAL DE FRADES S.C.G.	8.000,00 €	0,8000	10.000,00 €
Beneficiario: COMUNIDAD DE MONTE VECINAL EN MANO COMUN DE MARSELLE NIF: V15751308 Cod. Exp.:2017000009451 Obxecto: PECHE DUNHA PARTE DO MONTE VECIÑAL E INTRODUCCIÓN DE ANIMAIS	2.560,00 €	0,8000	3.200,00 €
Beneficiario: COMUNIDAD MONTE VECINAL MANO COMUN BARBANZA DE CAMBOÑO NIF: V15257884 Cod. Exp.:2017000009187 Obxecto: Acondicionamento e mellora de pistas no MVMC Barbanza de Camboño	4.000,00 €	0,8000	5.000,00 €
Beneficiario: COMUNIDAD MONTE VECINAL MANO COMUN DE VILOURIZ-TOQUES NIF: V15663370 Cod. Exp.:2017000009141 Obxecto: PROXECTO DE VALORIZACIÓN INTEGRAL E MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS DO MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN DE VILOURIZ (TOQUES, A CORUÑA)	10.000,00 €	0,8000	12.500,00 €
Beneficiario: COMUNIDAD MONTE VV MANO COMUN PARROQUIA DE LESENDE MONTE COLOU NIF: V15385289 Cod. Exp.:2017000008823 Obxecto: Plantación de especies arbóreas forestais	3.300,00 €	0,8000	4.125,00 €
Beneficiario: COMUNIDAD MONTE VV.EN MANO COMUN AFEOSA NIF: V15591464 Cod. Exp.:2017000009492 Obxecto: "CREACION DE PECHE E ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO DEPOSITO DE REPARTO DE AUGA NA CMVMC DE AFEOSA, CONCELLO DE LOUSAME (A CORUÑA)"	8.000,00 €	0,8000	10.000,00 €
Beneficiario: COMUNIDAD MONTES M.COMUN DE LOURO MEAN OROSO NARAYO Y TIGIA NIF: E15309776 Cod. Exp.:2017000009396 Obxecto: ADQUISICIÓN MAQUINARIA	2.198,00 €	0,7999	2.747,84 €

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: COMUNIDAD VECINAL DE MONTES POLVEIRA NIF: V15070238 Cod. Exp.:2017000009029 Obxecto: Creación de faixa auxiliar de protección de incendios na aldea de Espiñeirido	2.640,00 €	0,8000	3.300,00 €
Beneficiario: COMUNIDAD VECINAL MONTES EN MANO COMUN PARROQ.ARTES RIVEIRA NIF: V15128267 Cod. Exp.:2017000008983 Obxecto: Ensanche de pista para facilitar o acceso dos medios de extinción ao monte de Artes	4.000,00 €	0,8000	5.000,00 €
Beneficiario: COMUNIDADE DE MONTES VECINAIS EN MAN COMUN DE CAAMAÑO NIF: V15255151 Cod. Exp.:2017000009153 Obxecto: Mellora de faixas auxiliares de pistas coa plantación de frondosas caducifolias	3.200,00 €	0,8000	4.000,00 €
Beneficiario: COMUNIDADE DE MONTES VECINAL BARBANZA DE LESON NIF: V15810419 Cod. Exp.:2017000009207 Obxecto: Construción e mellora de peches gandeiros e mellora da masa con fins silvopastorais no Monte Barbanza de Lesón (A Pobra do Caramiñal; A Coruña)	7.412,16 €	0,8000	9.265,20 €
Beneficiario: COMUN.MTE.VV.M.C.BARBANZA ENXA XIAN DORDO COSTA D ABAIXO SOBRADO NIF: V15298516 Cod. Exp.:2017000009351 Obxecto: VALORIZACIÓN E MELLORA AMBIENTAL DO MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN (MVMC) "BARBANZA, ENXA, XIÁN. DORDO, COSTA DE ABAIXO E O SOBRADO" (BAROÑA, PORTO DO SON)	8.000,00 €	0,8000	10.000,00 €
Beneficiario: COVA DE VALES, S.C.L. NIF: F15049638 Cod. Exp.:2017000009438 Obxecto: MELLORAS NA FÁBRICA DE PENSOS COMPOSTOS MEDIANTE A ADQUISICIÓN DE INVESTIMENTOS : CENTRAL DE AIRE COMPRIMIDO E SISTEMA DE IDENTIFICACIÓN DE PRODUCTOS	7.407,84 €	0,8000	9.259,80 €
Beneficiario: MONTE VECINAL M.COM.MONTAÑO MONTAÑA PIÑEIRO Y ESCOBIAS-BOIRO NIF: V15289903 Cod. Exp.:2017000009165 Obxecto: Adecuación de camiños para dar acceso aos medios de extinción de incendios	6.400,00 €	0,8000	8.000,00 €
Beneficiario: PESADOIRA S.A.T. N.1242 XUGA NIF: V15911688 Cod. Exp.:2017000009375 Obxecto: INVESTIMENTO NUN PREENFRIADOR DE LEITE A PLACAS PARA REDUCIR O CONSUMO DE ENERXÍA E POR CONSEGUINTE AUMENTAR O RENDEMENTO ECONÓMICO DA EXPLOTACIÓN	1.417,50 €	0,7000	2.025,00 €
Beneficiario: S.A.T. BUSTO-CORZON NIF: V70031018 Cod. Exp.:2017000009378 Obxecto: INVESTIMENTO NUNHAS MAMPARAS CORTAVENTOS PARA ESTABLO AUMENTAR A VENTILACION E POR CONSEGUINTE A REDIBILIDADE DA EXPLOTACIÓN	1.417,50 €	0,7000	2.025,00 €
Beneficiario: SAT CIVES NIF: V70157888 Cod. Exp.:2017000009410 Obxecto: INVESTIMENTO EN RESINA PARA COMEDEIROS PARA MELLORAR A HIXIENE NA ALIMENTACION COA CONSEGUINTE MELLORA NOS RENDEMENTOS DA EXPLOTACIÓN	1.020,60 €	0,7000	1.458,00 €
Beneficiario: S.A.T. CORCHETE-LOUREIRO NIF: V70051826 Cod. Exp.:2017000009399 Obxecto: INVESTIMENTO NUNHA FERRAMENTA DE AUTOGUIADO GPS PARA TRACTOR OPTIMIZANDO ASI A APLICACIÓN DE ABONOS E FITOSANITARIOS EN CULTIVOS	1.086,75 €	0,7000	1.552,50 €
Beneficiario: S.A.T. FIBA N.1173 XUGA NIF: V15845373 Cod. Exp.:2017000009422 Obxecto: Investimento nunhas ferramentas para a redución dos custes de produción grazas a compra dun intercambiador a placas	1.417,50 €	0,7000	2.025,00 €
Beneficiario: S.A.T. FONTECOBA N.1205 XUGA NIF: V15877475 Cod. Exp.:2017000009374 Obxecto: INVESTIMENTO NUNHA LIMPEZA AUTOMÁTICA DO ESTABLO DA QUE ATA O DE AGORA NON SE DISPOÑIA	2.099,16 €	0,7000	2.998,80 €
Beneficiario: SAT MARTINEZ PEREIRO N.1174 XUGA NIF: V15843527 Cod. Exp.:2017000009370 Obxecto: INVESTIMENTO NUNS CEPILLOS RASCADORES PARA MELLORAR O BENESTAR ANIMAL E O RENDEMENTO DA EXPLOTACIÓN	1.002,27 €	0,7000	1.431,81 €
Beneficiario: SAT PALANCANA NUM.1394 XUGA NIF: V70165923 Cod. Exp.:2017000009476 Obxecto: INVESTIMENTO NUN RECUPERADOR DE CALOR PARA REDUCIR O CONSUMO DE ENERXÍA E POR CONSEGUINTE AUMENTAR O RENDEMENTO ECONÓMICO DA EXPLOTACIÓN	1.008,00 €	0,7000	1.440,00 €
Beneficiario: SAT VILA ALBORES NUMERO 1044 NIF: V15731219 Cod. Exp.:2017000009480 Obxecto: INVESTIMENTO NUNHA CUBERTA PARA OS XATOS MELLORANDO ASI O BENESTAR DOS ANIMAIS E DOS TRABALLADORES, COA CONSEGUINTE MELLORA NO RENDEMENTO DA EXPLOTACIÓN	1.023,75 €	0,7000	1.462,50 €

Total concedido: 91.049,36 €.

FO028B:Convocatoria do programa de subvencións de agricultura dirixido ás entidades asociativas agrarias e labregas da provincia da Coruña para investimentos durante o ano 2017

ANEXO 3.-Concedidas provisionalmente condicionadas

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. subvencionado que se ha xustificar	Motivo
Beneficiario: A ESTIVADA, SOC.COORGALEGA NIF: F15974892 Cod. Exp.:201700009352 Obxecto: ADQUISICION DE MAQUINARIA AGRICOLA E EQUIPO ELECTROXENO DE ALTA POTENCIA	8.000,00 €	0,8000	10.000,00 €	A persoa que nomean como representante tamen o é doutras entidades (Ganadería de Pazos, S.C.G.), xa que parece que se trata de persoal dunha asesoría e polo tanto allea a entidade e non tería poder bastante para emitir certificacións na hora da xustificación. Solicítase que a entidade aclare a citada situación. Os estatutos que achegan están incompletos. Na memoria non indican cando se van a realizar os citados investimentos, tan só que se realizarán de xeito inminente
Beneficiario: GANADERIA DE PAZOS, S.C.G. NIF: F70183074 Cod. Exp.:201700009482 Obxecto: ADQUISICION DE MAQUINARIA AGRICOLA	8.000,00 €	0,8000	10.000,00 €	A persoa que nomean como representante tamen o é doutras entidades (A Estivada, SOC. COOP. GALEGA), xa que parece que se trata de persoal dunha asesoría e polo tanto allea a entidade e non tería poder bastante para emitir certificacións na hora da xustificación. Solicítase que a entidade aclare a citada situación. Na memoria non fan referencia de cando se van realizar os investimentos, tan só se indican que o farán de forma inminente.
Beneficiario: MONTE VECINAL EN MANO COMUN DE CARRAIS NIF: V15309206 Cod. Exp.:201700009356 Obxecto: ACONDICIONAMENTO LOCAL DE REUNIÓNS DA COMUNIDADE	7.800,00 €	0,8000	9.750,00 €	Deben achegar os estatutos co selo de rexistro de asociacións, xa que aínda que achegan un documento da Consellería que din que están rexistrados non se pode comprobar que sexan os mesmos que o uniron ao expedienteo día 20/04/2017. Na memoria indican que van a acondicionar o local social e repobación forestal, mentras que o obxecto solicitado é tan só para o "acondicionamento local de reunións da comunidade", non entanto no orzamento siguen incluíndo un gasto para a repobación forestal, polo que debería quedar recollido no obxecto subvencionado.

Total concedido: 23.800,00 €.

A Coruña, 9 de novembro de 2017.

O PRESIDENTE,

Valentín González Formoso

O SECRETARIO,

José Luis Almu Supervía

2017/9616